

Almanaque Agrícola

Ano LV



Santuário das Ermidas
O Bolo (Ourense)

Ano 2007

syngenta

COBRE SUPER Plus

Sulfato preventivo e curativo
axeitado para os viñedos
de Galicia

CON MAGNESIO

O sulfato
anti-mildeu para:

- Viñedos
- Patacas e
- Tomateiras



Índice

Rescatando anacos do noso pasado "O Acivro"	4		
Rescatando un anaco da nosa cultura "O Oficio de Ferreiro"	9		
Convocatoria novo certame: "O Oficio Os Toneleiros"	16		
As nosas castes de vide: A Variedade "Caiño Bravo"	18		
Nomes das nosas castes de cepas, sensibilidade ás enfermidades	21		
Xaneiro	22	Santiago	34
Febreiro	24	Agosto	36
Marzo	26	Setembro	38
Abril	28	Outubro	40
Maio	30	Novembro	42
San Xoán	32	Nadal	44
Guieiro de malas herbas (II)	47		
Males da viña	52		
Consellos para os coidados da viña	54		
Tratamentos das froiteiras de carabuña	57		
Tratamentos a facer nas maceiras e pereiras	58		
Tratamentos de invernadoiros e hortas	60		
Tratamentos das Patacas	62		
Tratamentos do Millo e outros cereais	65		
Feiras gastronómicas	67		
Catálogo xeral de produtos fitosanitarios	74		
Valor dos ferrados galegos en metros cadrados	85		
Contos	88		
Disposicións legais de interese para Galicia	90		
Os Curros de Galicia	92		
Roedores e Rodenticidas	95		
Enderezos dos nosos distribuidores principais	98		



Rescatando ANACOS DO NOSO pasado

ÁRBORES SINGULARES OU EMBLEMÁTICAS EN GALICIA

O ACIVRO

"LL ex" era o nome da aciñeira para os romanos e aplicouse ó acivro pola similitude das súas follas coas da aciñeira. Deriva do celta ac ou ic=punta, en alusión ás follas espiñosas; na linguaxe das flores significa prudencia. O nome específico "aquifolium" significa en latín folla picuda, deriva de acer= picuda e folium=folla.

O acivro (*Ilex aquifolium* L.), da familia das aquifoliáceas, tamén recibe os nomes vernáculos de acevo, cebro, xardo ou xardón. Normalmente é un arbusto ou arboriña de ata 10-12 m de altura, aínda que pode ser árbore de maior talle, con tronco de casca verde agrisada, lisa, e coas ramiñas de cor verde escura. As follas son simples, de 5-12 cm.

de lonxitude, alternas, persistentes, coriáceas, peladas, de cor verde escura brillante pola cara superior, máis claras polo envés, de perfil oval ou elíptico, co ápice rematado nunha espiña e coa beira xeralmente ondulada e espiñosa, aínda que ás veces, en exemplares vellos, as marxes poden ser enteiras, sobre todo nas follas novas das pólas máis altas e, excepcionalmente, en todas as da planta, especialmente en zonas nas que non hai pastoreo, pois a presenza das espiñas parece ser un mecanismo de defensa da planta fronte ao dente dos animais herbívoros e lignívoros.

As flores, aínda que proceden de formas bisexuais, son funcionalmente unisexuais dioicas, raramente hermafroditas, polo que hai pés macho e pés femia; son curtamente pediceladas e pouco rechamantes, as femininas algo máis pequenas que as masculinas, e dispóñense na axila das follas, solitarias ou en inflorescencias cimosas ou corimbosas. Poden ser pentámeras, pero normalmente son tetrámeras, con catro sépalos verdosos libres ou algo soldados na base, catro pétalos de cor branca ou rosada, algo manchados de púrpura ás veces, un pouco soldados na súa base, catro estames soldados á base dos pétalos (as masculinas) e un ovario sésil, súpero e tetracarpelar (as femininas). É frecuente atopar rudimentos de estames, os filamentos coas anteras estériles, nas flores femininas e rudimento de pistilo nas masculinas. O froito é unha variante da drupa que recibe o nome de nuculanio, de forma esférica e do tamaño dunha ervella grosa, carnoso, primeiro de cor verde e logo vermello ou amarelo, con catro ou cinco ósos monospermos con forma de tetraedro. Florece na primavera e maduran os froitos a finais do outono e no inverno.



Medra ventureiro en Eurasia e Norte de África. Na Península Ibérica é especialmente abundante na metade setentrional, escaseando cara ao sur. En Galicia podémolo atopar nas catro provincias, aínda que abunda máis na metade oriental, onde chega a formar masas monoespecíficas de certa extensión, os acevedos. É frecuente nos estratos arbustivo e subarbustivo dos bosques, incluso de masas arboradas artificiais como eucaliptais e piñeirais. Resiste o frío e medra a modiño. Adoita crecer nas zonas sombrías e no fondo de barrancos ata 2000 m de altitude. Abunda máis sobre solos silíceos e tolera ben a sombra. Reprodúcese por semente, aínda que con frecuencia a xerminación se retrasa ata o segundo ano de estar na terra, pois parece ser que a madurez botánica non coincide coa fisiolóxica; os animais silvestres e domésticos parecen desenvolver un importante papel na dispersión e na xerminación das súas sementes.

Nas montañas galegas a corta de bidueirais e outros bosques climáticos montańeses pode conducir ao dominio do acivro, formándose así os acevedos, bosques perennifolios orocantábricos de talle baixo, 5-12 m, e estrutura moi pechada, cuxa caracterización fitosociolóxica é necesario estudar con detalle. Instálanse nos pisos supratemperado e supramediterráneo, preferentemente nas montañas da parte setentrional e oriental da provincia de Lugo e nas meridionais e do nacente da provincia de Ourense, situándose por riba dos 1.000 m de altitude, en abas moi inclinadas de exposición sombría preferentemente, sobre substratos silíceos, en ombroclima hiperhúmido. Domina o acivro, pero pode estar acompañado por especies típicas dos bidueirais e de outros bosques deses ambientes corolóxicos e ecolóxicos.

Os Acevedos son formacións singulares de gran fermosura e de extraordinaria importancia ecolóxica, xa que durante o inverno moitos animais silvestres e domésticos foxen dos campos nevados e buscan protección e alimento nestes bosques, nos que tamén atopan frescura nas horas do sesteo estival. Nos Ancares, Invernadeiro e Pena Trevinca consérvanse boas representacións destas comunidades.



Diversos cultivares e híbridos do acivro plántanse adoito en parques e xardíns, xa que a súa follaxe e a presenza, nos exemplares femininos, da súa drupa esférica de cor vermella moi brillante fainos moi fermosos. Tamén hai cultivares con follas variegadas moi decorativas, é o caso de *Ilex aquifolium* cv. *flammea-aurea*, co bordo das follas de cor amarela, ou *Ilex aquifolium* cv. *argenteomarginata*, coa beira das follas de cor branca. Tolera moi ben a poda, polo que tamén se emprega para facer sebeiras. Outros acivros que podemos contemplar en parques e xardíns galegos son: *Ilex x altaclerensis* (Loudon) Dallim., acivro bastardo, cruzamento do acivro común con *I. perado* Aiton, de Madeira, Canarias e Azores, que é moi difícil de distinguir do acivro común; *Ilex cornuta* Lindl., acivro cornudo, orixinario da China, un arbusto pequeno de 3-4 m con follas que levan 3 espiñas no ápice e unha ou dúas no lateral das follas; *Ilex crenata* Thunb., acivro xaponés, procede do Xapón e é un arbusto de follas serradas e froitos negros; *Ilex pernyi* Franch., un arbusto chinés con flores amarelas, froitos vermellos e follas romboidais con poucas espiñas.

As pólas con froitos son apreciadas como enfeite do Nadal, e atribúeselles poder para afastar os espíritos maléficos. As recoleccións masivas con esta finalidade, sobre todo preto das cidades, puxeron en perigo a persistencia da especie nalgúns lugares de Galicia, por iso desde o ano 1984 é unha especie protexida na Comunidade Autónoma Galega, prohibíndose a corta, tráfico e mercado de exemplares silvestres ou das súas partes, podendo comercializarse exclusivamente pés procedentes de viveiros. Para os druidas era unha árbore sagrada e os antigos celtas decoraban no inverno con ramallos dela as pallozas para atraer a sorte e a prosperidade; tamén os romanos utilizaban esta planta no solsticio do inverno, en datas que coinciden co Nadal actual, nas festas coñecidas co nome de "Saturnalia", dedicadas a Saturno. Conta o historiador romano Plinio que os acivros se plantaban cerca das casas para protexelas das bruxas e dos lóstregos. En Inglaterra ofrecen os seus froitos aos animais embravecidos para calmalos. Nalgunhas zonas de España as rapazas descubrían coas follas do acivro o seu futuro asignándolle a cada espiña unha opción (solteira, casada, viúva, monxa) e recorrendoas todas correlativamente, a derradeira espiña era a que dicía a verdade. Nos países nórdicos e anglosaxóns considérase o acivro unha planta protectora, pero nas áreas mediterráneas ten ás veces connotacións de planta sospeitosa; así nalgunhas zonas non se sementa sorgo



ou millo cerca de rodais de acivro, pois cavilan que os ananos que viven neses bosques lles roubarán os graos... Unha vella lenda di que o primeiro acivro naceu baixo os pés de Cristo, cando ía camiño do Calvario, interpretándose as follas espiñosas e os froitos de cor vermella como símbolo do sufrimento de Xesús. Seguramente a cristianización de tradicións pagás ten moito que ver con estas crenzas.

Ténselle chamado “muérdago”, nome que corresponde en castelán a plantas hemiparásitas do xénero *Viscum*, o visco ou visgo en galego, que viven sobre dalgunhas árbores. Quizais a confusión se deba a que a casca do acivro obtense unha liga empregada para cazar paxaros, semellante á que se saca das bagas do verdadeiro visgo; tamén pode derivar o confucionismo nomenclatural do feito de que nalgúns países europeos se empregan como enfeites do Nadal, igual que aquí o acivro, algunhas especies hemiparásitas moi próximas e semellantes ás do xénero *Viscum*, e que tamén se chaman visgos (xénero *Loranthus*). A liga do acivro obtense cocendo 7-8 horas en auga a casca interna recollida a principios do verán e deixándoa logo fermentar de dúas a cinco semanas, logo lávase con auga e sepáranse as impurezas para acadar a goma ou liga.

Na Alsacia francesa destílanse os froitos para obter a augardente de acivro, e nalgúns países europeos, nos que non se dan as palmeiras, chámalle palma ao acivro e empregan os seus ramallos nas cerimonias do Domingo de Ramos. Tamén se teñen empregado os froitos torrados como substitutivo do café, o que non é moi recomendable pola súa toxicidade. As flores son melíferas.


As follas considéranse diuréticas e laxantes, e tamén se lles atribúen propiedades antirreumáticas, antigotosas, aperitivas, antidiarreicas, espasmolíticas e antipiréticas. Os froitos, a doses baixas, son purgantes drásticos, e a doses maiores causan fortes diarreas, vómitos e convulsións, podendo producir intoxicacións mortais nos nenos (inxerir de 20 a 30 tamén pode causar a morte dun adulto). Os síntomas prodúcense ao cabo dunhas dúas horas despois de inxerir os froitos e trátanse con eméticos ou con lavados gástricos. Úsase o cocemento das follas para tratar o reumatismo, a gota, a inapetencia, a atonía intestinal, a diarrea, a febre intermitente (paludismo) e incluso a gripe. As cataplasmas feitas coa casca son boas para curar os furunchos. Antigamente empregábanse as follas do acivro como remedio diurético e os froitos como remedio purgante e vomitivo. As follas maceradas en viño utilizáronse como remedio tonificante, e pulverizadas como substitutivo da quina, xa que a ilicina que conteñen ten efectos semellantes. Follas, casca e froitos teñen utilidade en cosmética, como diaforéticos; conteñen rutina, ilicina e teobromina, substancia próxima á cafeína que tamén contén o cacao, que actúa sobre o sistema nervioso e a partir de certas doses pode ser tóxica para algúns animais, como os cabalos.



A madeira, de cor branca ou branco agrisada, aínda que coa cerna parda ao final, é compacta, dura, resistente, homoxénea, difícil de traballar, densa (non flota na auga igual que a do buxo), de textura fina e uniforme, finamente reticulada, con aneis pouco marcados, resistente ás fendeduras. Úsase para facer tallas e incrustacións, sendo moi apreciada en ebanistería, marquetería e torneado. Toma ben o pulimento e os colorantes e adóitase tinguíla de negro para imitar á do ébano. Utilizouse tamén para facer culatas de escopetas, caxatos e na construción (as fiestras do Pazo Real de Madrid fixéronse con madeira desta especie). É tamén un bo combustible, pois arde ben e ten alto poder calorífico. Os brotes de cepa foron moi apreciados en Galicia como “aguilladas” ou varas para controlar o ganado, e tamén son útiles para a fabricación de mangos de ferramentas que teñan que soportar esforzos de flexión.

Os froitos teñen gran importancia ecolóxica por servir de alimento a especies emblemáticas da fauna silvestre, como o oso pardo, *Ursus arctos pyrenaicus*, que, xunto coa pita do monte, *Tetrao urugallus cantabricus*, busca refuxio nos acevedos nas épocas desfavorables.

Seguramente o representante máis importante do xénero *Ilex*, en canto a usos se refire, é *I. paraguayensis* St. Hil., árbore perennifolia nativa de América do Sur, con cuxas follas se elabora o “mate” ou “té de Paraguai”. Na Arxentina o seu consumo ten máis importancia ca o do café. As súas propiedades estimulantes e diuréticas débense a que as follas son ricas en taninos e, sobre todo, nun alcaloide coñecido como manteína, que presenta idénticas propiedades que a cafeína. De características similares é *I. vomitoria* Ait., do sur de Estados Unidos e México; a infusión das súas follas verdes ou secas orixina unha bebida tónica e emética (“té de Carolina”) que os nativos americanos utilizaban en cerimonias relixiosas. Nalgúns países tamén se prepara unha infusión coas follas do acivro común que se usa como té.





O OFICIO DE FERREIRO

Autor: Margarita Puzas

PEQUENA HISTORIA DO FERREIRO. PRIMEIROS TRABALLOS COÑECIDOS

A explotación do ferro en Galicia, o mesmo que a doutros metais nobres, coma o ouro, remóntase a época dos castros, e con eles o oficio do ferreiro. Isto demostrábase non soamente polos achados de instrumentos deste metal, que ao cabo poderían ser importados, senón tamén polos rixóns que, procedentes da fundición, como nos de Baltar, Baroña e Troña, quedan en grandes cantidades.

En canto aos produtos elaborados con este material, chegan ata nós moi degradados, debido ás condicións de acidez do solo galaico. Podemos destacar non obstante algunhas aixadas de sección triangular e crista atopadas na zona ourensá e lucense, así como algúns sachos, fouces, martelos, chaves, etc., atopados no ámbito de toda a xeografía galaica. Ademais, algunhas cerámicas que se van atopando nalgúns castros amosan o coñecemento e emprego do óxido de ferro na obtención da cor vermella.

Coa chegada dos romanos, estes céntranse máis nas minas de ouro e outros materiais nobres. Con todo, no medievo volve o interese polo ferro, tendo un gran desenvolvemento dentro da industria popular, sobre todo para construír os apeiros de labranza empregados polos campesiños.

O ferro atópase en Galicia principalmente en forma de olixisto, limonita e siderita, en criadeiras pobres e de difícil acceso, causa esta derradeira do seu abandono. En Lugo consérvanse restos de explotacións no Courel, O Incio, Cervantes, Samos, A Fonsagrada, Quiroga e Pobra de Brollón. En Ourense cabe destacar Carballedo de Valdeorras, Moridón, Riodolas e Vilamartín de Valdeorras. Todos estes puntos, entre outros, foron focos de expansión das ferrerías e, consecuentemente, de forxas activas espalladas polas aldeas ou vilas próximas.

O gran auxe que tivo a explotación do ferro reflíctese tamén no toponímico a través dos moitos nomes que nos quedaron en relación coas angueiras de beneficio do metal. Tal sucede cos lugares que teñen denominación como Ferraría, Ferreiría, Ferreiro, Ferreiroa, Ferreiros, Ferreirúa, etc. Este interese perdurou en Galicia ao longo dos séculos ata a actualidade, aínda que nos nosos días o traballo do ferreiro baixou moito pola competencia que lle fai a industria moderna.

Actualmente adócanse máis a facer e arranxar ferramentas agrícolas principalmente, aínda que non hai moito fabricaban petadores, espellos, pechaduras, tiradores, reixas forxadas, varandas, etc.



*Monumento ao Ferreiro
(Ribadavia-Ourense)*

Os petadores poden ser de moitas formas: xeométricos, de forma humana, animal. As caravillas das portas son de torsión ou de presión, segundo o sistema para erguer o peto.

En canto ás varandas de ferro dos balcóns, son moi variadas: dende as señoriais, con balaústres máis ou menos traballados, ás máis humildes de balaústres lisos. Quizais teñan máis interese os de lamia retorta, ás veces de curvas moi ben feitas.

A maioría adoita ter enriba unha banda, e no baixo outra, postas entre ferros horizontais, e unha zona media na que a disposición dos ferros acostuma ser vertical; a de enriba e a de embaixo teñen moitas veces ríolas de círculos.

Na zona media hai moitos con combinación de arcos de círculo que se cortan, disposición que inzou nas cidades.

Do oficio de ferreiro deriváanse varias especialidades, entre as que destaca a de ferrador, que consiste en axear a ferradura ao casco do animal, sobre todo bestas e cabalos. Outras variantes do traballo de ferreiro pódense considerar os follateiros ou latoeiros, que son artesáns que traballan a folia de lata (lámina de ferro doce bañado con estaño), e fan candís, farois, tinas para roupa, canadas para muxir as vacas, caldeiros para quentar a comida dos animais, etc. Temos tamén os que facían as fouces e tamén os navalleiros e os campaneiros.




*Varanda de ferro de 1888
(Laias-Cenlle-Ourense)*

A FORXA E OS SEUS ELEMENTOS. EVOLUCIÓN ATA ACTUALIDADE. MATERIAIS E FERRAMENTAS DO FERREIRO. AS FERRERIAS HIDRÁULICAS.

A actividade do ferreiro comezaba nas ferrerías coa fundición do ferro e a preparación das barras e lingotes, dos que logo saen as ferramentas que fabrican no seu obradoiro fixo, chamado "a forxa". Esta era concorrida por toda a veciñanza, que aproveitaban as horas ceibes do inverno para se quentar e falar mentres o ferreiro traballa o ferro posto ao roxo. Por iso hai un dito que aconsella: "Quen queira saber as cousas vaia á forxa do ferreiro, dea volta polo forno, veña polo fiadeiro".

Polo xeral a forxa atópase nun local terreo, fóra da vivenda. O tamaño é máis ou menos grande segundo o volume do seu traballo, con que se relaciona tamén a cantidade de xente que ocupa, dende o ferreiro que traballa só aos que contan con catro ou cinco axudantes, que ao seu lado van aprendendo o oficio. O primeiro que se ollá na forxa é a fornalleira (1), caixón de madeira, cheo de cinzas e escouras e montado en catro pés, onde se acende o lume para quentar o ferro. Nun dos seus cantos leva una lousa vertical de pedra cun burato no medio, tobeira (2), polo que se sae o bico do fol, asegurado con barro.

O fol (3), destinado a proporcionar o ar para a combustión, é de gran tamaño, simple ou dobre. Móvese por unha cadea con argola (4) para coller coa man. A fornalleira ou fornalla pódese acender con carbón de pedra, aínda que o normal é facelo con carbón vexetal ao que se pon lume cunha carqueixa, e que se coída de mollar de vez en cando con auga por medio dunha vasoira vella que se mete denantes na pía (5) da auga.




Dun xeito ou doutro, o lume avívase no intre de pór nel o ferro que se vai traballar e que se tira en canto está ao roxo, deixando entón o lume arder pola súa.

Para traballar o ferro quente, o ferreiro precisa para o coller tenaces, tenaces de volta, etc. Para o apoiar, ten a zafra ou ingre, baténdolle logo cos varios tipos de martelos ou co esteixador.

Para cortar e dar forma ás pranchas, ten as tenaces de corte, as talleiras, e o tronzafrío; para furar, ten o punzón e o berbequí ou o banco de barrenar, coas súas pugas para furar e para abelantar. Dispón tamén de varios soportes para dar formas determinadas ao ferro, como son os tufos e as sufrideiras; para facer varas redondas ou cadradas para a confección de cravos e parafusos ten un calibre, e para dar forma ás cabezas usa as craveiras.

Complemento deste instrumental son o torno, serras de ferro, limas, alicates, tenaces do lume, atizador para o lume, etc.

Nas escasas fraguas que podemos atopar hoxe, a maioría das ferramentas seguen sendo estas mesmas, aínda que os foles foron sendo substituídos por compresores de aire para facilitar o traballo.



AS FERRERÍAS HIDRÁULICAS

Segundo os últimos traballos de investigación podemos dicir que a forza motriz hidráulica comezouse a usar na siderometalurxia aló polos séculos XI ou XII, aínda que ata o século XVI non se montaron as grandes ferrerías.

Tendo en conta os edificios de varias ferrerías, nas que aínda o estado de conservación actual permite o seu estudo, podemos facer tres grandes grupos: un primeiro grupo formado polas máis antigas, como a de Villoalle (Mondoñedo), que deixou de traballar en 1571, na que o grandor do banzado indica que semella máis a un simple mazo que a unha factoría siderúrxica. Os restos que quedan do edificio industrial non permite coñecer a súa disposición primitiva.

Un segundo grupo formado polas anteriores a finais do século XVIII, como a de Bois (As Nogais). Á parte dos engadidos que sufriron ao longo dos anos, xa contaban coa disposición tradicional que remataría por facerse clásica: dende a forxa pásase á carboeira e dende aquí á tanzadeira de vea. O banzado sitúase no mesmo sentido lonxitudinal ca a forxa.

E un terceiro grupo formado polas datadas a finais do século XVIII e primeiros anos do XIX. Algunhas consérvanse en bo estado, como as do Vilar da Cuíña, Vilaboa e Seoane. A que mellor se coñece é a de Sargadelos, aínda que non quedan restos, pero si un plano da planta.

Todas contan con tres grandes dependencias: unha orientada en sentido vertical con relación ás outras dúas, chamada forxa por ser onde traballaban o mazo, o forno e os barquíns. No mesmo sentido, pero polo exterior, sitúase o banzado.

As dúas restantes comunicanse coa anterior independentemente por cadansúa porta. Unha delas, polo xeral a situada fronte á forxa, era a tanzadeira, é dicir, o almacén do mineral. A outra facía de carboeira ou leñeira. Ademais podían contar con varios cuartos pequenos, dous ou tres, con comunicación dende a forxa, destinado a dormitorios dos ferróns.

As partes imprescindibles de toda ferrería hidráulica son cinco:

1-A PRESA E A CANLE para desviar a auga. Ademais de contar cun bo emprazamento, a auga debía ser doada de desviar. Ás veces había que facer a presa ou chapacuña a máis de medio quilómetro para acadar o desnivel necesario para o banzado.

A de Viloado, por exemplo (deixou de traballar como fundición no ano 1571), aproveitaba unha ferveza que forma o río, de xeito que a presa se atopa pola parte de arriba e a ferrería pola de abaixo.

A máis coñecida de todas as presas galegas destinadas a proporcionar forza a un mazo é a de San Vicenzo de Leira (nas terras de Valdeorras-Ourense), que foi propiedade do mosteiro de Samos, sendo construída en 1721, e o muro de contención tiña una altura duns 15 metros.

2- O BANZADO é o encoro onde se deposita a auga debaixo do que funcionan as rodas. Ás veces a última parte tamén recibe o nome de banzadillo. Para botar fóra a sobrante, ten unha saída lateral ou frontal por riba, chamada rebasadoiro ou aliviadoiro. A auga que move a roda volve ao río pola estolda.

Hainos que son unicamente de pedra (son os máis antigos; os primeiros datan do século XVIII) coma os de Seoane do Courel e o de Vilaboa. Outros teñen os muros laterais de pedra, e de madeira o depósito superior, coma os de Soldón, Lousadela, Banzado do Folgoso

Bois, Folgoso. E tamén os hai só de madeira cunha única base de pedra (Viloado).

3- O FORNO e A FORXA ou REGAZAL. Onde se poñían capas de carbón de vea alternando e cubríanse tamén con leña verde ou húmida para que a combustión fose máis lenta. O aire do barquín ou trompa facía posible a combustión e a redución.


4- FOLEs, BARQUINS E TROMPAS. A presenza do vento na fundición é imprescindible xa que entra pola tobeira acelerando a combustión do carbón e a redución do mineral. Ao longo do tempo apareceron varios enxeños: o primeiro e máis antigo non se trataba de ningún aparello, senón que dependía da situación da forxa. Había que buscarlle algún lugar no que o vento dese ben, para que deste xeito entrase polos buratos ou tobeiras e avivase a combustión. Por ser un método "natural", que do home só dependía buscar a situación axeitada, non era rendible, porque podían pasar varios días sen soprar vento propicio.

Logo temos os Foles de coiro: o seu número variaba dependendo do grandor e mesmo da tradición de cada zona, aínda que o corrente era que fosen dous. Movíanos coas mans ou cos pés e a súa feitura variaba adaptándose á pel do animal, polo xeral de cabra.

En canto aos Barquíns, non son máis que foles evolucionados, protexidos por baixo e por riba con táboas. Talvez nun principio eran máis pequenos, pero logo foron aumentando de tamaño para proporcionar máis aire. Constan esencialmente de tres partes: o corpo, de coiro e madeira, no que o aire entra e logo é comprimido para que saia con forza pola

Plano de Sargadelos a comezos do século pasado

- a) almacén de ferro
- b) dormitorios dos ferróns
- c) canle e banzado
- d) barquíns; e) mazo
- f) forno ou forxa de fundición
- g) leñeira e tanzadeira
- h) carboeira
- j) reboradoiro do banzado



boca; a válvula, ou abertura por onde entra; e a boca ou boquilla por onde vai ata a tobeira da forxa.

E por último as Trompas, chifrons ou bombas: consiste nun tubo (chifron), feito dunha árbore furada, polo que cae a auga dende o bandazo ao turrar da vara. Antes de chegar á troba ou arca, a corrente succiona o aire que entra polos "oidos" ou por un tubo, que logo é expulsado polo canón ao dar a auga contra o fondo, indo para o regazal ou forxa. Algunhas teñen na arca unha pedra contra a que bate a auga, producindo así máis aire.

Nun principio recibiu o nome de "foles de pedra" para diferencialo dos "foles de coiro" ou barquins tradicionais. Aínda que tamén é corrente a de "bombas de aire". O seu espallamento obedeceu a que é un enxeño moito máis duradeiro, por non ter coiro e non precisar de tantos coidados. Non obstante, os ferreiros aínda contan agora que son mellores os barquins, xa que insuflan aire seco, mentres que o das trompas é húmido e frío, o que retrasa a fusión e consome máis combustible.


5- O MAZO. É a peza fundamental: un martelo xigante do que xa quedan poucas mostras. Este mecanismo consta das seguintes partes: un eixe que chaman a árbore (1), normalmente de cinco metros e medio de longo. Esta xira horizontalmente sobre dous espigóns, gorreóns (2), que leva nos extremos e que encaixan en senllos buratos. A árbore leva preto dunha roda (3), provista de dezaseis aletas ou pelás (4), sobre as que cae a auga cunha canle nun depósito, banzado, por medio dunha canle e que fai poñer en movemento o mecanismo. No outro cabo ten á árbore catro saíntes, malugreiros (5), que tropezan alternativamente co rabo do mango.

O mango (6) é unha panca de madeira, de preto de tres metros de longo, tamén horizontal e que está colocada perpendicularmente á árbore. A oitenta centímetros do rabo ten unha argola de ferro, a boga, con dous espigóns aos lados. Estes espigóns xogan en dous tacos de ferro, as alda-barras, que se manteñen fixas por medio de mandís, ou cuñas de madeira fortemente fincados no chan, e de cadeas (7) ou trabes, que van dun cepo (8) ao outro. No outro cabo do mango vai o mazo (9), aro de ferro cunha prolongación por baixo que se amarra ao mango por medio dun cuñón de madeira e outras cuñas máis pequenas.

Por baixo do mazo atópase a ingre (10), espetada no chan e ben cimentada. É de aceiro e serve para recibir os golpes do mazo.

A canle por onde baixa a auga que move a roda ten a súa boca superior no fondo do banzado (5), e tápase cun taco cilíndrico de madeira, maza, que sobe e baixa entre dúas guardillas, e vai pendurada dunha vara en forma de panca e que ten no outro cabo unha cadea para turrar por ela.

O seu funcionamento é o seguinte: cóllese a cadea e faise erguer a maza que tapa a cal; a auga baixa e bate nas pelás da roda, á que fai xirar xuntamente coa árbore; entón os malugreiros fan erguer o mango que torna a caer polo peso do mazo, sendo logo erguido de novo polo outro malugreiro, de tal sorte que, a cada volta da árbore, o mazo sobe e baixa catro veces. Pondo o ferro quente entre o mazo e a ingre, trabállase na forma que se quere. A auga que entra na canle, regúlase coa vara, erguendo máis ou menos a maza correspondente, o que se traduce na maior ou menor frecuencia con que o mazo bate na ingre.



OBRAS DA FORXA EN GALICIA

Como xa dixemos antes, os ferreiros adicábanse a facer obras de varios tipos, pero quizais os traballos máis importantes sexan as ferraxes e enreixados. Estes xurdiron pola necesidade de reforzar as portas e impedir o acceso ao presbiterio daquelas igrexas que tiñan pezas de especial valor. Dentro das ferraxes a súa cronoloxía non é inferior ao 1200, destacando sobre todo no século XIII.

As máis antigas son as ferraxes da porta norte da Catedral de Lugo. Cada folla ten catro barras que forman un debuxo de palmas nas que alternan volutas e pequenas puntas de lanza. Este modelo foi seguido tamén polas ferraxes da porta principal de San Salvador de Donas (Palas de Rei-Lugo) e polas do Salvador de Sarria (estas algo máis sinxelas).

En canto ao enreixado, no Renacemento vai moi vinculado á arquitectura; tanto que moitas das súas formas decorativas ensaiadas primeiro en ferro, son perpetuadas logo na pedra ou na madeira dos retablos. Ao longo do século a reixa vai sufrindo importantes alteracións. Así, no tránsito do Gótico ao Renacemento introduce como elemento decorativo a prancha cicelada decorada con motivos renacentes coma grutescos e temas vexetais. Ao mesmo tempo como soporte introduce o balaústre e crece a división en plantas das reixas.

Nesta época destacan dous núcleos de mestres: o compostelán, que é o de maior importancia e innovación, e o de Mondoñedo e Lugo. Nomearemos só algunhas obras xa que a produción, sobre todo en Santiago, foi moi abundante.

No primeiro temos a XOÁN FRANCÉS. En todas as súas reixas, e as do seu obradoiro en Santiago, presenta nos barrotes unha estrutura de piares fasciculados que chegan alternativamente ata o friso ou se interrompen en forma de corazóns, sendo a maior innovación o remate cun friso plano decorado con temas renacentistas. Fai, entre outras, as Reixas do Vestíbulo e da Capela do Hospital Real (Santiago). Outros mestres son GUILLEN BOURSE coa Reixa da Capela de Mondragón (Catedral de Santiago), DOMINGO DE CÉSPEDES coa Reixa da Capela do Sacramento ou do Rei de Francia (Catedral de Santiago), e contra finais do Renacemento SADORNÍN FERNANDEZ, que traballou como oficial de Guillén Bourse e fixo as Reixas da Capela de S. Pedro da Cerca ou da Azucena (Santiago)

No núcleo de Mondoñedo e Lugo destacan: LOIS ESTRADA, a mediados do Século XVI e relacionado coa última etapa evolutiva de Guillén Bourse. Entre a súas obras temos a Reixa da Capela da Nosa Señora Dos Ollos Grandes (Catedral de Lugo). PEDRO DE SOBRADO, quen xuntou na Reixa da Capela de Santiago da Catedral de Lugo o esquema distributivo e tipo de balaústre do mestre Guillén e o maior decorativismo das reixas de Lois Estrada, introducindo ademais un elemento innovador e típico do enreixado do último terzo do século, que é a incorporación da escultura como decoración.

Ademais de todos os anteriores, temos a JUAN BAUTISTA CELMA que é sen dúbida o construtor de reixas máis importante do século en Galicia. En 1583 encargóuselle facer as reixas da capela maior e o coro da catedral de Ourense, que non se concluíron ata 1597. Presentan importantes novidades como a inclusión da escultura de vulto como elemento decorativo e a alternancia de ferro, bronce e madeira. Os balaústres teñen un estreitamento central e son dun tipo ata aquela descoñecido en Galicia, decorados con mascaróns e rostros fantásticos. No segundo corpo ofrecen tamén unha importante innovación: a



aparición de términos-balaústre ou hemes colocados sobre un estípite. O remate das reixas adquire un desenvolvemento monumental polo uso da escultura exenta (feita esta por un obradoiro distinto ao do forxador).

Xa dentro de criterios barrocos, nos últimos decenios do século XVII, a personalidade do arquitecto DOMINGO DE ANDRADE marca o modelo que existe novas opcións. As súas ordes traballan XOÁN DE SEOANE e VICENTE LORENZO, que fan os balaústres de ferro (fig.5) que pechan os intercolumnios da capela maior da Catedral de Santiago.

A finais do século XVII e primeiros do XVIII a familia dos LORENZO é a continuadora do gusto polo balaústre forte e liso, inaugurado por Sadornin e transmitido polas trazas de Andrade nas súas obras, e polos propios Lorenzo, na primeira das súas reixas. De FRANCISCO LORENZO temos as reixas da capela da Prima Fronte ou Descendemento, e de CLEMENTE LORENZO temos a reixa da capela da Nosa Sra. A Branca (Catedral de Santiago) entre outras.

Uns anos máis tarde, xa entrado o século XVIII, detéctase un novo avance estilístico co traballo de FERNANDO DE CASAS, que traza reixas para a Catedral e para o Mosteiro de San Martiño Pinario. Por último, temos a DOMINGO DE VIGO, quen, no ano 1774, fai as reixas da Porta Santa da Catedral de Santiago.

OS TRABALLOS DE FORXA NA ACTUALIDADE

Hoxe en día algúns dos antigos talleres rurais adócense á reparación ou, en casos contados, á construción de certos elementos tradicionais que requiren unha mestría que só poden transmitir os ferreiros.

Outros foron substituídos por establecementos, preferiblemente en centros urbanos, nos que se conserva a herdanza do pasado, aínda que con variantes modernizadas. Agora os artesáns crean modelos novos grazas a sistemas de transformación contemporánea que simplifican o proceso. Aprovecciónanse en factorías dun material semielaborado que lle facilitan a confección de pezas moi variadas aforrando esforzo e tempo. De todas as formas, nos últimos anos as forxas foron desaparecendo, quedando só algunha debido ao aprecio que se lle ten ás boas ferramentas (coitelos, navallas, fouces, etc.) que se utilizan sobre todo nas tarefas agrícolas, e tamén ao uso particular que se lle dá en Galicia a certos útiles coma trespés, potes, etc. Unhas das poucas forxas antigas que quedan podémola atopar en Ribadavia, onde o ferreiro aínda fai estas ferramentas da mesma forma artesanal de sempre.

Outras reconvertéronse cara á forxa decorativa (enreixados, portas, balcóns, etc.).

En canto aos outros oficios que derivan dos ferreiros, coma os navalleiros, hoxe en día teñen unha demanda constante que excede a pequena produción. Os latoeiros e caldeiros non desapareceron de todo; cobren a demanda de sempre, aínda que minoritaria e con fins decorativos maiormente.

Outro oficio derivado é o de fundidor, que require un control completo sobre o proceso de creación, posto que se ocupa da reprodución de obras doutros artistas. Tamén funden orixinais destinados ao consumo, como pezas de ourivería, trofeos de distintos tipos, composicións ornamentais, etc.



Forxa en Ribadavia-Ourense (Marzo 2006)



Potes



TEMA: OS TONELEIROS

SYNGENTA AGRO, continuando coa tradición deste "**Almanaque**" de rescatar un anaco da nosa cultura, establece para este ano, un novo "Certame", dotado cun PREMIO DE 600 EUROS ao mellor traballo sobre o tema " OS TONELEIROS "; dito traballo gañador publicárase na próxima edición do "ALMANAQUE AGRÍCOLA ZZ".

BASES DO CERTAME

1) Poderán participar todas as persoas que o desexen, agás os distribuidores e empregados da Compañía e os seus familiares directos.

2) Os concursantes deberán enviar os seus traballos a SYNGENTA AGRO, referencia "CONCURSO" a A Relva s/n 36400 O Porriño (Pontevedra), antes do 30 de Setembro de 2007. Os traballos achegados non serán devoltos e a Compañía poderá empregalos para outras publicacións da mesma.

3) Os traballos han de estar redactados no **idioma galego normativo**, cunha extensión máxima de seis follas con letra e espazo normal, sendo tamén necesario remitilos á empresa nalgún soporte informático (CD, disquete,). Admítranse traballos electrónicos que serán enviados á ligazón www.syngentaagro.es, e terán que versar sobre os seguintes aspectos:

- Pequena historia do toneleiro e primeiros traballos coñecidos deste oficio.
- Materiais empregados na cubaxe de Galicia e elaboración dos mesmos. Tipoloxía e características das madeiras empregadas.
- Fabricación de toneis e cubas. Proceso de fabricación, montaxe e reparación de cubas. Útiles e ferramentas. Debuxos, esquemas e gráficos de todo o anterior.
- Fabricación doutros envases de bodega: sellas, canados, cuartas, etc. Fotografías representativas.
- Situación actual deste oficio.
- Refrás, ditos, cantigas ou pequenos contos relativos ao oficio.

Nota: no apartado gráfico valoráranse especialmente debuxos ou gráficos inéditos, non admitíndose fotografías baixadas de internet.

4) O Xurado que outorgará o premio ao mellor traballo estará composto por persoal de SYNGENTA coñecedor da cultura galega, e o seu veredicto darase a coñecer a partir do 1º de Outubro do 2007.

KARATE[®] CON TECNOLOGÍA **ZEON[®]**


Insecticida de Control Múltiple

Avanzada formulación
en MICROESFERAS
de rápida liberación,
repletas de eficacia.

TECNOLOGÍA ZEON • RÁPIDA ACCIÓN
EFICACIA CONTRASTADA
BAIXO RISCO ECOTOXICOLÓGICO
VERSÁTIL • COMPATIBLE



As novas Castas de Vide



A variedade "Caíño Bravo"


1. Sinonimias:

Albariño tinto, Cachiño, Cachón.

2. Ampelografía:

Brote aberto, pouco ou nada pigmentado, con ribete avermellado nos bordos e pilosidade de media a elevada.

Pámpanos medio ergueitos, con entrenós pouco o nada pilosos.





Follas adultas de tamaño mediano, pentagonais e pentalobuladas, con nervios de pigmentación escasa ou nula e dentes moi curtos e convexos. Face glabra e envés de pilosidade media. Seo peciolar en V, con lóbulos superpostos.

Acio de tamaño mediano, de compactidade media e pedúnculo de lonxitude tamén media.

Bagos esféricos, negro-azulados, de tamaño pequeno-mediano. Polpa incolora, con dúas pebidas de tamaño medio-grande

3. Fenoloxía:

Desborre tardío (+ 10 días despois de Cáselas ou Alsaciana Dourada, cara o 30 de Marzo na zona atlántica e 7 de Abril en Miño Medio). Maduración tardía (4,5 Chasselas), dentro das chuvias equinocciais, das que se defende pola súa alta resistencia á Botrite.

4. Agronomía:

Vigor medio e alta fertilidade (18 acios por cada 10 xemas vistas deixadas na poda de inverno).



De rendemento medio-alto, prefire solos soltos e ben drenados, sendo importante a cantidade e composición das arxilas do subsolo. En solos ácidos las bagas tenden a agretarse, polo que son moi necesarias as emendas calcarias. Adáptase moi ben ao cultivo en espaleira.

5. Patoloxía:

Sensibilidade media á mera, alta ao oídio e baixa á botrite.

6. Enoloxía:

Dado o seu longo ciclo e las reducidas posibilidades termolumínicas dos medios atlantizados, a súa maduración adoita ser incompleta, dando viños lixeiros e ácidos, algo desequilibrados, pero con aromas intensos e sumamente persoais ("a casta"). Excelente en mestura con outras variedades, ás que proporciona acidez e personalidade.

Un dito popular afirma que "o caíño é o pai do viño".



Nomes DAS NOSAS CASTES DE CEPAS E A SÚA SENSIBILIDADE ÀS ENFERMIDADES

NOME	SINONIMIAS	MILDEU	OÍDIO	BOTRITE	NOME	SINONIMIAS	MILDEU	OÍDIO	BOTRITE
Albariño	Alvarinho (Portugal) Galeguinho (Portugal)	2	4	1	Merenzao	María Ordoña, Bastardo Bastardinho (Portugal) Trosseau (Francia) Domingo Pérez	2	2	3
Albilla	Albillo	2	3	3	Mouratón	Moratón, Negreda	2	2	4
Alicante	Alicante Bouschet Garnacha tintorera	4	3	4	Palomino	Xerez	2	2	3
Brancellao	Brancelllo e Alvarello	1	4	4	Pedral	Cainho Espanhol (Portugal) Cainho do Freixo (Portugal)	2	3	1
Caiño Bravo	Albariño tinto, Cachiño	2	3	2	Sousón	Tintilla, Retinto, Vinhão (Portugal) Negrao (Portugal)	2	2	2
Caiño Longo	Caiño do país, Tinta barroca (Portugal)	2	3	4	Tempranillo	Arauxa	3	3	1
Dona Branca	Valenciana, Chabacana, Moza fresca, Boal, Doninha (Portugal)	2	3	4	Tinta Femia	Mourico (Portugal)	2	3	4
Espadeiro	Torneiro, Espadão (Portugal) Tinta dos pobres (Portugal)	2	4	1	Tinta Fina	Tinta do país Doncelinho (Portugal)	2	1	2
Ferrol	Ferron	2	2	2	Torrontés	Malvasia fina (Portugal)	2	3	3
Godello	Verdello, Parpal, Agudelo Gouveio (Portugal) Verdelho (Portugal)	2	4	3	Treixadura	Trajadura (Portugal) Trincadente (Portugal) Trincadeira (Portugal) Verdello rubio	2	2	2
Lado	Lado	2	3	2	Verdello		1	3	2
Loureira	Loureiro, Marqués, Cheiro	2	3	1	<i>Escala tomada entre: 1 (mínima) e 4 (máxima)</i>				
Mencia	Negrón	2	4	3					



O TEMPO






A no novo pero non tempo novo, pois seguirán os días moi fríos con ventos lixeiros do norte e neve nas montañas, pero non por iso habemos de esquecer os días de chuvia que aínda que non serán moitas, máis ou menos terémolas case

a metade dos días do mes. Tempo de facer lume para queantar as casas, e nas horas máis mainas convén seguir coa poda das videiras e froiteiras.

A un vilán, danlle un pé e toma tamén a man.

Se dous cans rifan contra un lobo, cómeno todo.

DATOS CLIMATOLÓXICOS (Media de 5 anos 2002/2003/2004/2005/2006)

Estación de recollida de datos	 Temperatura máxima absoluta	 Temperatura mínima absoluta	 Temperatura media do mes	 Días de choiva	 Precipitación total L/m ²
Mabegondo (A Coruña)	18,4 (día 28/2002)	-3,8 (día 14/2003)	9,02	15,6	81,4
Campus Lugo (Lugo)	19,7 (día 27/2003)	-6,4 (día 14/2003)	5,84	12,4	65,6
Verín (Ourense)	20 (día 27/2003)	-4,7 (día 29/2003)	5,64	10,8	66
Lourizán (Pontevedra)	22,5 (día 27/2003)	-2 (día 13/2003)	9,68	12,6	145,4

1 L. **A Circuncisión do Señor.** Ss. Fulxencio, mr.; Martiña, Eufrosia, vx.; Odilión, ab.

2 M. Ss. Beato Pedro, ab. s. Macario, ab.

3 M. Ss. Xenoveva, vx.; Florencio, b.; Daniel, mr.



Lúa
Chea

4 X. Ss. Aquilino, mr; Tito, b.; Gregorio, b.

5 V. Ss. Telesforo, p.; Eduardo, rei; Emiliana, vx.

6 S. **Epifanía Os Santos Reis, Melchor, Gaspar e Baltasar.**

THIOVIT JET

80% xofre en microgránulos mollables. N° 12901 Xi (A-A) _
1 Kg, 10 kg, 25 kg. 3 días en hortícolas e 5 días demais cultivos.
Funcicida a base de xofre en microesferas, con acción por contacto e vapores, contra Oidio, Ácaros e Eriofidos, nos cultivos da Vide, Hortícolas, Froiteiras e outros cultivos.
DOSE: 400-800 g/hl segundo cultivos.

TOPAS

10% penconazol EC. N° 16633 Xi (A-A) N
250 ml, 1 l. 3 días en Melón e Sandía; 14 días na Vide e outros cultivos; NP en Amorodos.

Funcicida antioídió, sistémico de acción preventiva que ademais detén a infección durante o período de incubación.

Para cultivos da Vide, Froiteiras, Amorodos e outros cultivos.

DOSE: 30-40 ml/hl segundo cultivos.

TRI-MILTOX N

12 % mancoceb. 13,9% cobre metal baixo N° 15932 Xi (A-B) N
as formas de sulfato, oxiclóruo e carbo- 3 días Solanáceas; 21 días Leitugas, Feixóns
nato WP. verdes e Apio; 28 días Froiteira de pebida e
1 kg, 5 kg. 15 días resto cultivos.

Funcicida preventivo contra Mildeu e outras enfermidades, de acción por contacto, que polo seu contido nas tres formas de cobre mais o mancoceb, ten gran eficacia pola súa regularidade de acción e persistencia.

Cultivos da vide contra Mildeu; Pataca, Tomate e hortícolas contra Mildeu, Alternaria, Septoriose e Antracnose; tamén en Froiteiras contra Moteado, Monília e Foscococcum.

DOSE: 400-600 g/hl segundo cultivos.

HERBICIDAS

AGROXONE

40% MCPA (Sal potásico) N°11412 Xn(A-B)_
1 l, 5 l. 15 días

Herbicida para o control de herbas de folia ancha, en tratamentos herbicidas en post-emerxencia en cultivos de Trigo, Cebada, Millo, Sorgo, Liño e Praderías de gramíneas.

DOSE: 1,5-3 L/ha, praderías de gramíneas 3-4 L/ha.

ARIZONA

40% Clortoluron SC. N°123912 Xn(A-A) N
2,5% Diflufenicam S.: NP
5 l.

Novo herbicida de pre postemerxencia contra herbas anuais de folia estreita e ancha. Para utilizar nos cultivos de Trigo e cebadas de ciclo longo.

DOSE: Para trigo, aplicar despois da sementeira ou cando o trigo teña tres follas a dose de 1,75 a 3 L/ha. En cebada, antes de nacer ou despois de nacer cando teña tres follas a dose de 1,75-2,5 L/ha.

AUROS PLUS

80% prosulfocarb EC. N° 18087 Xn (A-C) N
20% triasulfurón WG. N° 17925 Xi (A-) N
3x3 l + 6x15 g.

Herbicida de pre e postemerxencia contra herbas anuais de folia estreita e ancha. Para utilizar nos cultivos de Trigo e Cebada.

DOSE: Para trigo aplicar pouco despois da sementeira e antes de que as herbas teñan dúas follas. En cebada aplicar en postemerxencia do cultivo e antes de que as herbas teñan dúas follas. 3-3,5 l/ha do AUROS (Prosulfocarb 80%) máis 30-40 g do LOGRAN (Triasulfurón 20%).

NOVO

BANVEL D

48% dicamba SL.
1 l, 5 l.

Nº 11533 _ (B-A) _
2 meses para a colleita da forraxe ou a entrada do gando.

Herbicida de postemerxencia contra herbas anuais de folla ancha. Traslócase a través das follas, brotes e raíces.

Para utilizar nos cultivos de Trigo, Cebada, Avea, Millo, pradeiras de gramíneas e céspedes.

DOSE: No millo aplicarase cando teña entre 4-8 follas a dose de 600-750 ml/ha (140 ml/hl). En cereais dende 3 follas ata o final do afillado a dose de 300-500 ml/ha (100 ml/hl). En pradeiras e céspedes 0,6 l/ha (150 ml/hl).

BANVEL TRIPLE

29,6% 2,4-D amina. 26,5% MCPA amina.
10% dicamba amina SL.
1 l, 5 l.

Nº 13537 Xn (B-A) N
21 días dende a aplicación ata o consumo do pasto polo gando.

Herbicida de postemerxencia contra todo tipo de malas herbas de folla ancha nas pradeiras e céspedes de gramíneas xa establecidos. Tamén para os cultivos de: Trigo, Cebada, Avea e Centeo.

DOSE: 0,8-1,5 l/ha (200-375 ml/hl). En pradeiras aplicarase preferentemente ó inicio da brotación ou 1-2 semanas despois dun corte. En Cereais o mellor momento é o afillado antes de encanar. A temperatura debe ser entre 12-24°C.

CALLISTO

10% mesotrione SC.
250 ml, 1 l, 5 l.

Nº 22313 Xn (_-) N
Non utilizar cerca de cursos de auga deixando sen tratar unha banda de seguridade de 5 m.

Novo herbicida para o cultivo do millo, contra a Xuncia e outras herbas cando estas son noviñas.

DOSE: 1,5 l/ha (40-50 ml/mochila de 15 l para tratar uns 250-300 m² de terra). Bótase co millo nacido e cando a Xuncia é noviña, entre 2-4 follas. Pódese repetir o tratamento entre o Millo se xorde outra camada de herba.

DUAL GOLD

96% S- metalacloro EC.
1 l.

Nº 22126 Xn (_-) N
Non utilizar cerca de cursos de auga deixando sen tratar unha banda de seguridade de 20 m.

Herbicida activo contra gramíneas anuais: Echinocloa, Dixitaria, Setaria, Lolium, e outras. É moderadamente sensible á Xuncia. Indicado para os cultivos de: Millo, Pataca, Remolacha e Xirasol. As aplicacións en postemerxencia deben ser só con herbas moi noviñas. Herbicida axeitado para mesturar con PRIMEXTRA GOLD TWIN no cultivo do Millo.

DOSE: En Pataca 0,5-1,5 l/ha e en Millo 0,5-2 l/ha.

FUSILADE MAX

12,5% fluazifop-p-butil EC.
1 l.

Nº 15814 Xn (A-B) N
21 días para colleitas e entrada do gando.
3 meses para sementar cereais.

Herbicida selectivo nos cultivos de folla ancha, sistémico de postemerxencia para o control de gramíneas anuais e perennes. Pode botarse nos cultivos de: Pataca, Leguminosas, Hortas, cultivos Industriais, Florais e Ornamentais. Tamén en Froiteiras e Vide.

DOSE: 1,25-2 l/ha (312-500 ml/hl) para gramíneas anuais, en perennes duplicar a dose e facer dúas aplicacións.

GRAMOXONE PLUS

12% paracuat emético. 8% dicuat.
0,05% emético(PP.796) SL.
1 l, 5 l.

Nº 14864 T+ (_ _) N

15 días para colleitas e entrada do gando.

Herbicida non selectivo, non residual, que actúa por contacto para o control das herbas emerxidas, tanto de folla ancha como estreita. Absórbese polas partes verdes das plantas, e sen risco de ser absorbido polas raíces nin as corteizas maduras. Pode aplicarse en calquera cultivo, en pre-emerxencia ou ben entre as liñas, dirixindo a pulverización para non alcanzar as partes verdes.

DOSE: 1,5-3 l/ha (400-800 ml/hl). En Froiteiras e Vide, e terras sen cultivo ata 5 l/ha.

PRIMEXTRA GOLD TWIN

96% S-metolacloro EC.
47,5% atrazina FW.
1 l + 2x1 l.

Nº 22126 Xn (_ _) N

Nº 14430 Xn (A-B) N

Non utilizar cerca de cursos de auga deixando sen tratar unha banda de seguridade de 20 m.

Herbicida de preemerxencia contra herbas anuais de folla ancha e estreita no cultivo do millo (non controla xuncia).

En terras con moita materia orgánica, para asegurar os resultados, pode botarse en postemerxencia temperá, pero sempre coas herbas moi noviñas. Para máis eficacia pode subirse a dose de DUAL GOLD (S-Metolacloro 96%).

DOSE: En Millo: 0,5-2 l/ha do DUAL GOLD (S-Metolacloro 96%) + 2-3 l/ha do GESAPRIM (Atrazina 47,5%).

REGLONE

20% dicuat SL.
5 l.

Nº 12346 T+ (_ _) N

15 días no caso de entrada do gando.

Herbicida de contacto de acción rápida, máis específico contra herbas de folla ancha. Axeitado para desecante de diversos cultivos facilitando as colleitas. Autorizado en Patacas, Millo, Xirasol e Algodón como desecante. Noutros cultivos, como herbicida de pre-laboreo ou para botar entre liñas sen mollar as follas do cultivo.

DOSE: 1,5-4 l/ha (430-1.150 ml/hl).

SAMSON

4% nicosulfuron SC.
1 l.

Nº 22353 Xi (A-A) _

Non poñer colza como cultivo a seguir.

Herbicida de post-emerxencia contra herbas gramíneas e dicotiledóneas no cultivo do millo. Activo contra Equinocloa e outras gramíneas resistentes. Complementario contra Xuncia. Pode mesturarse con outros herbicidas de Post-emerxencia.

DOSE: 1-1,5 l/ha (280-430 ml/hl). Aplicar cando o millo teña entre 3 e 4 follas.

SPLENDOR

25% tralkoxidim SC.
5 l.

Nº 19315 Xn (A-A) N

15 días ata a entrada do gando. 3 meses para nova sementeira de cereais.

Herbicida de post-emerxencia, contra Avea, Ballico e outras gramíneas nos cultivos de Trigo, Cebada e Triticale.

DOSE: 1,2 -1,6 l/ha. + 1 l/ha do mollante Canplus (400-530 ml/hl + 330 ml/ hl).

TOPIK

24% clodinafop-propargil.
6% cloquintocet-mexil EC.
250 ml, 1 l.

Nº 19548 Xn (A-B) N

Prazo S.: NP.

Herbicida de pre-emerxencia contra gramíneas anuais no cultivo do Triticale e Trigo. Controla: avea, lolium, phalaris e alapecurus. Aplicase a partir das tres follas do cultivo e ata o afillado.

DOSE: 170 -250 ml/ha + 1 l/ha do aditivo Agral ou aceite mineral (50-72 ml/hl + 300 ml do aditivo). Pode mesturarse con Logran 20 WG para controlar tamén herbas de folla ancha.

TORDON 22 K

24% Picloran (sal potásica) SL.
250 cc, 1 l.

Nº 11760 Xi(A-A)_
21 días

Herbicida de translocación, moi persistente para o control de leñosas en terreos sen cultivo (silveiras, toxos, xestas, etc) e Rumex e outras especies de folia ancha en praderías de gramíneas. É absorbido por vía radicular e foliar.

DOSE: 1-1,5 l/ha

TOUCHDOWN PREMIUM

36% Glisofato (Sal Amónica) SL.
1 l, 5 l, 10 l, 25 l, 120 l, 640 l.

Nº 22957 (_ _ _)
7 días Cereais e terreos agrícolas.
NP Demais cultivos

Herbicida sistémico, non selectivo de post-emerxencia, contra todo tipo de herbas, incluídas as perennes e malezas leñosas, cun gran ámbito de aplicación. Plantacións de aguacate, cereais, froiteiras de folia caduca, limoeiro, laranxeira, oliveira, plataneiro, terreos agrícolas, terreos forestais e vide. Grazas á tecnoloxía Sistem 4, Touchdown Premium actúa máis rápido, e en condicións difíciles obtéñense mellores eficacias ca con outros herbicidas sistémicos.

DOSE: 3-7 L/ha segun do cultivo e tipo de herba ou maleza a controlar. Recoméndase aplicacións con baixo volume de auga, de 100-200 L de auga por ha, polo que a dose equivale a: 1,5-3,5 L/hl. As doses máis baixas para as herbas noviñas, e as máis altas para perennes e malezas leñosas.

PRODUTOS VARIOS

ALBOLINEUM

72% Aceite de Verano EC.
1 l.

Nº 12992 __ (A-A) _
Prazo S.: NP.

Concentrado emulsionable para aplicar en pulverización foliar. Utilizado para o control de insectos en froiteiras, viña, cítricos, arbustos ornamentais, etc. Pode ser mesturado con insecticidas como ACTELLIC 50.

DOSE: 1-1,5 L/hl. Usar para tratamentos de inverno en froiteiras e viña en mestura con Actellic 50.

DIVIDEND

3% difenacozol FS.
20 l, 200 l.

Nº 22008 __ (A-) _
Prazo S.: NP.

Funxicida sistémico para o tratamento das sementes do Trigo e da Cebada, contra caries, podre da raíz, carbón vestido e helmintosporiose.

DOSE: 100-200 ml/100 kg semente. O produto pode aplicarse directamente sobre a semente ou diluído previamente en 400-500 ml de auga.

CANPLUS

60% aceite, 24% oleato sorbitol,
12% tredecilalcohol OL.
1 l.

Nº 19316 Xi (A-B) _
Prazo S.: NP.

Mollante para aplicacións herbicidas, que mellora a penetración e actuación, especialmente indicado cando as malas herbas precisen aumentar o poder mollante.

DOSE: 350-500 ml/hl segun do indicación para cada cultivo.

ABOFOL-L

24% (N) total baixo varias formas.
16% (P₂O₅) soluble. 12% (K₂O) soluble.

Registro de fertilizantes e afíns
Nº 2379

Aminoácidos, (Cu), (Fe), (Mn), (Mo), (Zn),
e Vitamina B1. Sólido cristalino.
1 kg e 5 kg.

Prazo S.: NP.

Fertilizante foliar que estimula e regula a vexetación das plantas, diminúe os problemas de carencias e mellora a calidade das colleitas. Axuda a recuperar os cultivos nos accidentes climáticos. Autorizado para todos os cultivos.

DOSE: 100 g/hl. Tamén pode aplicarse á terra para ser tomado polas raíces dos cultivos.

ISABION

Complexo de péptidos que ceden aminoácidos LS.

1 l, 5 l, 20 l.

Nutriente orgánico bioestimulante da vexetación das plantas en todo tipo de cultivos. Aplicar na fase de crecemento das plantas, especialmente indicado en cultivos cativos ou afectados por accidentes climatolóxicos, fitotóxicidades, etc.

DOSE: En aplicación foliar 200-500 ml/hl (4-5 l/ha).

En aplicacións a terra, pode incorporarse coa rega (3-4 l/ha) e 4 aplicacións. Un máximo de 15 l/ha.

Registro de fertilizantes e afíns
Nº 02511

CULTAR

25% paclobutrazol SC.

250 ml, 1 l.

Regulador do crecemento para fruticultura e viticultura.

Reduce a lonxitude das brotacións, mellora a calidade dos froitos, e na vide ademais evita o corrememento da floración. Aplicar en cultivos con certa vitalidade.

DOSE: Varía segundo os cultivos e momento de aplicación. Na vide para mellorar o callado da flor aplicar unha soa vez, 50 ml/hl entre dúas ou tres semanas antes da floración.

Nº 17270 Xi (A-A) _

60 días para as colleitas.

KLERAT BLOCK

0,005% brodifacum. Bloques parafina. BB. Xn (C-C) _

100 g, 500 g, 10 kg.

Raticida moi activo por inxestión contra todo tipo de roedores, tamén para os resistentes a outros anticoagulantes. Controla ratas, ratos e toupas de campo. Formulación axeitada para almacéns, recintos, exteriores, colectores, e ratas de campo en plantacións

DOSE: Colocar 1-4 bloques (segundo tamaño) por cada 10m². Procurar a colocación baixo tellas ou recipientes que permitan a entrada das ratas e que protexan os engados dos animais e persoas. Revisar e repoñer periodicamente.

SUPER KLERAT

0,005% brodifacum.

Cebo granulado coloreado. GB.

250 g, 5 kg.

Raticida moi activo por inxestión contra todo tipo de roedores, tamén para os resistentes a outros anticoagulantes. De utilización en almacéns e recintos agrícolas exteriores ou interiores.

Debe colocarse o produto en montonciños protexido por tellas invertidas ou recipientes que permitan a entrada dos roedores, pero preservado dos animais e persoas. Tamén nas bocas dos tobos dos roedores utilizando o produto en bolsiñas.

DOSE: 20-30 g por punto de colocación, revisando e repoñendo periodicamente.

Xn (C-C) _

KLERAT PASTA

0,005 Brodifacoum

Cebo en pasta fresca

250 g, 10 Kg.

Novo raticida en forma de pasta fresca de alta palatabilidade e apetencia, moi activo para todo tipo de roedores, incluso para os resistentes a outros anticoagulantes.

É moi fácil e cómodo de usar, debido á súa consistencia semisólida e a súa moderna presentación en bolsiñas de papel filtro (15 gramos), resistindo a humidade.

Contén proteínas e ácidos graxos, así como funxicidas e estabilizantes que garanten unha longa duración do produto (incluso no exterior).

Pode ser usado en recintos interiores e no exterior.

DOSE: Colocar en cada punto 1-2 unidades para ratos e 4-5 unidades para ratas.

Xn (C-C) _

NOVO



PROVINCIA DA CORUÑA

A Baña	528	Cedeira	509	Monfero	548
A Coruña	444	Cerdido	509	Mugardos	548
Abegondo	436	Cesuras	436	Muros	335
Ames	639	Coiros	436	Muxía	424
Aranga	436	Corcubiión	424	Narón	509
Ares	548	Coristanco	524	Neda	509
As Pontes	548	Culleredo	444	Negreira	528
Ateixo	444	Dodro	420	Noia	420
Arzúa	536	Dumbría	424	Oleiros	444
Bergondo	436	Enfesta	639	Ordes	639
Betanzos	436	Ferrol	509	Oroso	639
Boimorto	536	Fisterra	424	Ortigueira	444
Boiro	484	Frades	636	Outes	396
Boqueixón	639	Irixoa	436	Oza dos Ríos	436
Brión	500	Laracha	524	Paderne	436
Cabana	524	Laxe	524	Padrón	420
Camariñas	424	Lousame	420	Pino	536
Cambre	444	Mañón	548	Pobra do	
Capela	548	Mazaricos	424	Caramiñal	484
Carballo	524	Malpica	524	Ponteceso	524
Cariño	444	Mesía	603	Pontedeume	548
Carnota	400	Melide	536	Porto do Son	480
Carral	444	Miño	548	Rianxo	484
Cee	436	Moeche	509	Ribeira	484
Cerceda	639			Rois	424

PROVINCIA DA CORUÑA

Sada	436	Teixeiro	536	Valdoviño	509
Sadurniño	509	Teo	639	Vedra	639
Sta. Comba	528	Toques	536	Vilamaior	548
Santiago	639	Tordoia	639	Vilasantar	536
Santiso	536	Touro	536	Vimianzo	424
Sobrado	536	Trazo	640	Zas	424
Somoza	509	Val do Dubra	640		

Outras Medidas:

En Rianxo úsase a **Cunca** que son 35 metros cadrados. O ferrado ten 12 Cuncas.

En Boiro úsase **Cuartillo** que son 22,33 metros cadrados.

En Rois úsase **Cuartillo** que son 17,50 metros cadrados.

Na Pobra do Caramiñal úsase a **Cunca** que son 40 metros cadrados.

PROVINCIA DE LUGO

A Fonsagrada	507	Guntín	436	A Pobra de Brollón	465
As Nogais	621	O Incio	559	Pol	496
Abadín	504	Láncara	629	Portomarín	671
Alfoz	714	Lourenzá	638	Quiroga	465
Antas de Ulla	604	Lugo	436	Rábade	436
A Pontenova	504	Melra	514	Ribadeo	612
Baleira	714	Mondoñedo	612	Ribas do Sil	465
Barreiros	714	Monforte	489	Ribeira de Piquín	514
Becerreá	578	Monterroso	604	Riotorto	504
Begonte	525	Muras	548	Samos	559
Bóveda	489	Navia de Suarna	650	Sarria	629
Castro de Rei	629	Neira de Xusa	610	O Saviñao	559
Carballedo	629	Negueira de		Sober	484
Castroverde	496	Muñiz	507	Taboada	604
Cervo	725	Ouro	548	Trabada	638
Cervantes	553	Outeiro de Rei	436	Triacastela	430
Chantada	629	Palas de Rei	604	O Valadouro	714
O Corgo	436	Pantón	489	Vicedo	548
Cospeito	525	Páramo	559	Vilalba	546
Courel (Folgosos)	436	Paradela	559	Viveiro	548
Foz	714	A Pastoriza	504	Xermade	525
Friol	436	Pedrafita	578	Xove	725

Outras Medidas:

En Riotorto: **Fanega** igual a 4 Ferrados, **Ferrado** igual a 2 Tegos, **Tego** igual a 4 Cuartillos.

PROVINCIA DE PONTEVEDRA

A Lama	217	Fornelos de	Pontesampaio	629
A Caniza	437	Montes	Pontevedra	629
A Estrada	629	Gondomar	Portas	629
As Neves	629	Lalin	Ribadumia	629
Agolada	536	Marín	Redondela	69
Arbo	437	Meis	Rodeiro	536
Baiona	539	Meaño	Salvaterra	437
Bueu	472	Moaña	Sanxenxo	629
Caldas de Reis	672	Mondariz	Silleda	536
Cambados	629	Moraña	Soutomaior	64
Campolameiro	629	Mos	Tomíño	629
Cangas	472	Nigrán	Tui	497
Catoira	629	O Grove	Valga	629
Cerdedo	528	O Porriño	Vigo	541
O Covelo	264	Oia	Vilaboa	629
Crecente	437	Pazos de Borbén	Vilagarcía	545
Vila de Cruces	536	Polo	Vilanova de	
Cuntis	629	Ponteareas	Arousa	672
Dozón	536	Pontecaldelas	Vilaxoán	603
Forcarei	500	Pontecesures		420

Outras Medidas:

No Morrazo e ría de Vigo úsase moito a **Vara**, que vale no Morrazo 7.37 metros cadrados, e en Vigo 4.57 metros cadrados.

En Pontevedra, Caldas e Cambados úsase a **Cunca**, a doceava parte do **Ferrado** que vaie 52.40 metros cadrados. En Godos e Saiar 56 metros cadrados. O **Ferrado** 12 veces a **Cunca**. Na Estrada e Lalin úsase o **Cuartillo**, que vale na Estrada 26 metros cadrados e en Lalin 22.34 metros cadrados.

En Pontecesures a **Cunca** ten 35 metros cadrados
Estadal: 12 pés = 336 cm.

PROVINCIA DE OURENSE

O **ferrado** vale: 629 metros cuadrados.

Outras Medidas:

Nas terras adicadas a viñedo, a **Cavadura** vale 437 m² ou 435 m², segundo as zonas.

O **Xornal** son 124 m². En lugares con pendente da Ribeira Sacra, unha "**cavadura**" ou "**home de cava**", equivale a 100 cepas ben desenvolvidas.

- Nas terras adicadas a outros cultivos, a **Tega** vale 388 m², a **Fanega** 4.141 m².

- Na Porquelra, a **Tega** son 906 m² o **Copelo**, 21 m².

- Para medidas do cereal, unha **Tega** equivale a 14 quilos de centeo, e unha **Fanega** son cinco **Tegas**.

- O **Copelo**, en Celanova e A Bola, son 20 m².

- En Valdeorras a **Maquia** son 120 m²; en Verín son 22,22 m².

Para medir capacidades en distintas zonas de Ourense, empréganse as seguintes medidas:

- **Ola**: equivale a 16 litros ou 16,5 litros, segundo as zonas.

- **Moio**: equivale a 8 olas (128 ou 132 litros).

- **Cabazo**: son 20 litros.

- **Cuarta e Media Cuarta**: son 20 e 101 litros respectivamente.

- **Cántara**: son 16 litros. O **Canado** son dúas Cántaras (32 litros).

CONTOS

QUE NON SON CONTOS

O FRANCÉS

Daniel, o do chaquetas, era un toleirón. Marchou para París dicindo que ía montar unha fábrica de chisqueiros e pórse millonario. Foi en xullo, e un mes máis tarde xa voltara para celebrar o San Lourenzo na súa aldea.

Pero, veu dicindo que falaba o francés perfectamente, e que mesmo era máis sinxelo ca o galego.

Seu pai era o xastre; home traballador, serio, duro de carácter, pero moi retranqueiro, e preguntoulle:

–Entón, fillo; ¿como se di en francés a chaqueta?

–Pois dise “*le chaqueté*”, dixo Daniel.

–¿E, a camisa?

–Doado. Dise “*le camisé*”.

–Que marabilla de rapaz! Que sabedoría! E, en tan pouquiño tempo! Tesme abraiado.

Daniel colleu confianza e dispúxose a contestar máis preguntas.

–Pode preguntarme o que queira.

–¿Como é o chaleco?

–Sen problema. Dise “*le chalequé*”.

–¿E a manga do chaleco?

–Iso xa é un chisco máis difícil, porque leva unha contracción. Dise: “*le mangué du chalequé*”.

–Xa o sabía eu –dixo o pai-. Mángoche unha patada que te rebento. “*Le mangué du chalequé*”, animal. Non ves que o chaleco non ten mangas, cabazo.



O ALEMÁN

O alemán é moi difícil. Ten moitas consoantes xuntas, e pronúncianas case que todas. Disque ás veces no canto de falar, fungan coma os gatos.

Pois foi un rapaz de Quindous para aló. Fino, lirgacho coma un allo e arroutado. Algo chuliño.

Na aldea sabían que era listo, e que, lle ía ir moi ben, pero, a boa fe, que tería atrancos co idioma.

Cando voltou a primeira vez de vacacións, preguntáronlle.

—¿E que tal por Alemaña?

—Estou contento. Todo moi ben ata o de agora.

—¿E que nos dis do idioma?

—Foi o máis complicado. Ao primeiro resultou difícil, pero agora..., xa o entenden perfectamente.

(Recollido por Fran Quiroga en terras dos Ancares)



O INGLÉS

Foi a Inglaterra un rapaz sen saber nin papa de inglés. Pero ía sen medo porque aló estaría cos seus veciños e amigos da aldea, que levaban xa anos nas illas.

O primeiro día que chegou foron cear fóra para contarse cousas.

Nun daqueles bares tan raros para el, pediron cervexa en xerras, e el tamén. Ademais da cervexa, pediron cadanseu “hot dog”.

E el preguntoulle a un dos compañeiros:

—¿Que é iso que pedides para comer?

—Pois aquí chámanlle así a un “perrito caliente”.

—Ah! Vale, vale. Pídeme a min outro deses.

Pero, endexamais oíra, nin vira, nin comera tal cousa.

E, cando os trouxeron, el colleu o del, mirouno, abriuno e, reparando na salchicha do seu interior, dixo:

—Que mala sorte tiven sempre. Co grande que é o can, e mira que parte me foi tocar a min.

Disposicións Legais

DE INTERESE PARA GALICIA

NOVA LEI 2/2006 DE DEREITO CIVIL DE GALICIA

TITULO VI. Capítulo I

Dos montes veciñais en man común.

Artigo 57.

Son montes veciñais en man común as terras situadas na comunidade autónoma de Galicia que, con independencia da súa orixe, das súas posibilidades produtivas, do seu aproveitamento actual e da súa vocación agraria, pertencen a agrupacións veciñais na súa calidade de grupos sociais, e non como entidades administrativas, e que se veñan aproveitando consuetudinariamente en réxime de comunidade sen asignación de cotas polos membros daquelas, na súa condición de veciños con casa aberta e con fume.

Artigo 58.

As terras ás que se refire o artigo anterior poderanse declarar montes veciñais en man común en virtude de sentenza firme ditada pola xurisdición ordinaria ou ser obxecto de clasificación como tales montes veciñais, que realizarán os xurados provinciais.

Artigo 59.

Tras se iniciar o expediente de clasificación de montes veciñais en man común, ningunha terra afectada por aquel poderá ser obxecto de alleamento, división ou gravame ata que o xurado dite a resolución oportuna, e para tal efecto practicarase a correspondente anotación no rexistro da propiedade. Así e todo, se a terra estivese inscrita con asignación de diferente titularidade en virtude de sentenza ditada en xuízo declarativo, suspenderase a tramitación e os efectos do expediente ata que recaia resolución ditada pola xurisdición ordinaria.

Artigo 60.

Logo de se ter clasificado o monte fixarase a superficie e as estremas deste, achegando á resolución unha planimetría suficiente, cos datos descritivos precisos, e procederase á súa sinalización e demarcación, que realizará de xeito gratuito a consellaría competente por razón da materia. Así mesmo, figurará o estado económico de aproveitamentos, usos, concesións e consorcios. Asemade, o xurado remitiralle testemuño da resolución ao rexistro da propiedade, para os efectos de que se proceda á anotación preventiva da clasificación do monte.

Artigo 61.

A propiedade dos montes veciñais en man común é de natureza privada e colectiva, e correspóndelle a súa titularidade dominical e o aproveitamento á comunidade veciñal respectiva.

Artigo 62.

1. A comunidade veciñal entenderase composta polos veciños que a integren en cada momento.
2. Terán a condición de veciños comuneiros aquelas persoas titulares de unidades económicas, produtivas ou de consumo, con casa aberta e residencia habitual independente dentro da área xeográfica sobre a que se asente o grupo social ao que tradicionalmente estivese adscrito o aproveitamento do monte.
3. Os estatutos da comunidade veciñal poderán establecer un prazo mínimo de residencia para adquirir a condición de comuneiro, que, en ningún caso, poderá ser superior a un ano.

4. Non se poderá eximir o cumprimento do requisito de residencia habitual salvo causas xustificadas, e sen que a exención poida superar os dous meses en cada ano natural.

Artigo 63.

A acción para reclamar o recoñecemento da condición de comuneiro prescribe aos trinta anos.

Artigo 64.

A condición de comuneiro perderase, exclusivamente, desde o momento en que deixen de se cumprir os requisitos exixidos para a integración na comunidade veciñal. En todo caso, a perda desta condición deberá ser acordada pola asemblea xeral, tras a súa inclusión na orde do día, con expresión individualizada das persoas afectadas e sempre con audiencia destas.

Capítulo I bis

Dos montes abertais.

Artigo 64 bis.

Son montes abertais, de voces, de varas ou de fabeo os conservados en pro indiviso nos que os seus copropietarios, sen prexuízo de realizaren en común aproveitamentos secundarios, tiñan ou mateñen o costume de se reunir para repartir entre si porcións determinadas de monte ou searas para o seu aproveitamento privativo, asignacións que se fan en tantos lotes como partícipes principais veñen determinados polos títulos ou polo uso inmemorial, e nos que a súa adxudicación se decide pola sorte, tamén sen prexuízo da subdivisión das searas así asignadas consonte as adquisicións hereditarias ou contractuais. De chegar o caso, a división das devanditas terras e a conseguinte extinción da copropiedade faranse consonte o costume, e de non existir este faranse consonte a presunción de igualdade de cotas referida no parágrafo segundo do artigo 393 do Código civil.

Capítulo II

Da comunidade en materia de augas.

Artigo 65.

1. O propietario ou posuidor dun predio pode aproveitar as augas da chuvia, estancadas ou non, e fará saír as sobrantes polo lugar acostumbrado.
2. O propietario ou posuidor tamén pode aproveitar as augas subterráneas que nazan ou abrollen no seu predio, sempre sen prexuízo dos dereitos preexistentes.
3. As augas de chuvia e as que nazan ou abrollen nos montes veciñais en man común aproveitaranse de conformidade co que acorde o organismo representativo da comunidade veciñal, segundo os usos e costumes da comunidade, e sen prexuízo dos aproveitamentos existentes.
4. O exercicio das facultades dos anteriores apartados non precisará de ningún tipo de concesión administrativa previa.

Artigo 66.

1. As augas de torna a torna ou pilla pillota aproveitaranse o costume ou conforme o acordo unánime dos usuarios ou partícipes, e, por pedimento de calquera deles, partiranse por horas, días ou semanas, en proporción á extensión que se viñese regando, sen que se lles poida dar ás augas un uso distinto daquel para o que foron rateadas.
2. Os aproveitamentos existentes presúmense inmemoriais e por acta notarial de presenza poderán ser inscritos no rexistro da propiedade de conformidade co disposto na lexislación hipotecaria.

Artigo 67.

O disposto neste capítulo enténdese sen prexuízo do establecido na lexislación de augas.



Os Curros

"Rapa das Bestas" máis populares de Galicia

MES DE MAIO

Curro de Valga

Municipio de Oia (Pontevedra)

2º Domingo de Maio

MES DE SAN XOÁN

Curro de Torroña

Municipio de Oia (Pontevedra)

1º Domingo de San Xoán

Curro de Mougás

Municipio de Oia (Pontevedra)

2º Domingo de San Xoán

Curro de Morgadás

Monte Galiñeiro, Municipio de Gondomar (Pontevedra)

3º Domingo de San Xoán

Curro de San Cibrao

Donas, Municipio de Gondomar (Pontevedra)

4º Domingo de San Xoán

Curro da Capelada

Municipio de Cedeira (A Coruña)

Último Domingo de San Xoán

Curro de Campo do Oso

A Pastoriza, Municipio de Mondoñedo (Lugo)

Último Domingo de San Xoán

MES DE SANTIAGO

Curro de Sabucedo Festa de Interese Turístico Nacional, San Lorenzo de Sabucedo, Municipio de A Estrada (Pontevedra)	1º Sabado, Domingo e Luns do mes de Santiago
Curro de Candaoso Festa de Interese Turístico Nacional, Montes de Buio, Santo Andrés de Boimente, Municipio de Viveiro (Lugo)	1º Domingo de Santiago, se cadra o día 1 pasa ó 2º Domingo
Curro de Amil Municipio de Moraña (Pontevedra)	2º Domingo de Santiago
Curro Monte Castelo Municipio de Cotobade (Pontevedra)	2º Domingo de Santiago
Curro das Canizadas Municipio de Pobra do Caramiñal (A Coruña)	12 ou 19 de Santiago
Curro de Paiosaco Municipio de Laracha (A Coruña)	1 de Santiago

MES DE AGOSTO

Curro de Valadouro San Tomé, Municipio de Valadouro (Lugo)	1º Domingo de Agosto
Curro da Paradanta Luneda, municipio da Caniza (Pontevedra)	4º Domingo de Agosto
Curro da Escusa Municipio de Poio (Pontevedra)	Finais de Agosto ou principios de Setembro

Outros sitios onde se celebran de xeito irregular ou celebráronse rapas son: na Provincia de Ourense os municipios de Avión, Parada de Labiote e Carballeda de Avia; e na Asturias Occidental no municipio de Villanueva de Oscos.

Roedores e Rodenticidas



A orde Rodentia é ampla en número de individuos e tipos, incluíndo una terceira parte de todas as especies de mamíferos existentes.

Só 41 dos 124 xéneros se catalogan como pragas, sendo dous os máis estendidos e abundantes: xénero *Ratus* e xénero *Mus*.

As especies máis importantes destes dous xéneros son:

- **Rato doméstico (*Mus musculus* L.)**, estendido basicamente en zonas rurais e granxas.
- **Rata común (*Rattus norvegicus* L.)**, que vive externa ou interiormente en calquera lugar onde atope alimentos. É a rata de sumidoiros. Non sendo autóctona da península, conta a crónica histórica que penetrou polo Pirineo acompañando as tropas francesas durante a invasión napoleónica e alimentábase cos residuos da campaña.
- **Rata negra (*Rattus rattus* L.)**. Vive xeralmente baixo cuberto e con poboación en franco retroceso a favor da anterior, que chegou a impoñerse e fagocitala.



Ratón doméstico



Rata común



Rata negra

NECESIDADES DE CONTROL

Causan os roedores moitos e variados problemas en todo mundo por compartir co ser humano o mesmo medio. Das razóns que xustifican o seu control, as tres principais son:

1. **Comen e destrúen alimentos:** Estima a F.A.O. que os roedores causan perdas dun 5% nas colleitas de todo o mundo, cantidade suficiente para alimentar a 130 millóns de persoas. A estes produtos consumidos hai que engadir máis do dobre de alimentos que contaminan polos prexuízos directos e as nocidades colaterais de ouriños, feces, pelos ou secrecións sebáceas que os fan inservibles.
2. **Propagadores de enfermidades:** Son vehículos e vectores de numerosas enfermidades que afectan ó ser humano: a peste bubónica, leptospirose, triquinose, ou as infeccións de salmonella, todas elas de consecuencias graves ou fatais.
3. **Outros tipos de danos:** Causan ademais a destrución de distintos materiais: roeduras na madeira, tuberías de auga, mercancías almacenadas etc. Nas instalacións eléctricas, os cables roídos orixinan cortocircuitos, incendios e importantes avarías.

MEDIOS DE LOITA

O exterminio absoluto das ratas como especie é practicamente imposible; porén, a aplicación de medidas adecuadas logrará un eficiente control capaz incluso de erradicalas nas zonas asiduamente tratadas.

MÉTODOS FÍSICOS: Empregan técnicas mecánicas para eliminalos: rateiras, trampas ou barreiras contundentes para excluír os animais de certos lugares. Os resultados reais destas accións en redución das poboacións de roedores son francamente inoperantes.


MÉTODOS BIOLÓXICOS: Inclúen a introdución dos seus predadores naturais, enfermidades e parasitos, modificación do hábitat, manipulación xenética ou cultivo de variedades resistentes de cereais e especies hortícolas.

A maioría destas solucións teñen fallos de teoría ou posta en práctica.

MÉTODOS QUÍMICOS: Tense comprobado que o método máis efectivo para control de roedores é o uso de rodenticidas clasificándose estes en:

- Agudos ou de acción rápida:** Envenenamento inmediato, facendo necesarias medidas extremadas de manipulación e risco manifesto para outras especies incluído o ser humano. O máis importante desta categoría é o fosforo de zinc.
- Crónicos:** Actúan lentamente despois de varias doses. Funcionan como anti-coagulantes xerando hemorragias internas. Non supoñen risco para animais domésticos polo pequeno nivel de dose letal a que funcionan co roedor.

Destacan como materias activas a warfarina, difenacoum ou bromadiolona, sendo a máis avanzada e moderna o brodifacoum, principio activo de **Súper Klerat**.



Enderezos dos nosos distribuidores principais

PARA GALICIA - ASTURIAS

AGRO-REZA, S.L. (Ourense-Oeste) agro-reza@mundo-r.com	R /Reza nº 12 (Galerías Roma) 32003 - OURENSE Telf. e Fax: 988 222834 - 988 227553
AGROVAL S.L. (Pontevedra - Sur) agroval.po@terra.es	As Gándaras de Prado s/n (Fronte Campo de Fútbol de Budiño) 32630 - O PORRIÑO - Budiño Telf. e Fax: 986 346765 - 986 346766
ALMACENES ROYAL S.L. (A Coruña-Norte) aroyal@infonegocio.com	R/ Fraga Iribarne nº 48 15300 - BETANZOS Telf.: 981 772714 Fax: 981 772600 Móbil: 639 603754
ASAGRO, SERVICIOS AGRÍCOLAS, CB (Asturias - Leste. Cantabria) asagro@fade.es	Polígono Silvota, parcela R 45 33192 - LLANERA (Asturias) Telf.: 985 265898 Fax: 985 250764 Móbil: 608 473131
CAMPONOVO PROTECCIÓN DE CULTIVOVO S.L. (A Coruña-Sur) p.cultivos@camponovo.es	Polígono industrial Novo Milladoiro Rúa das Palmeiras, 57 - A2 15895 - AMES (A Coruña) Telf.: 981 535420 Fax: 981 535422 Móbil: 606 990537
FITO LEMOS, S.L. (Lugo - Sur. Ourense - Leste) fitolemos@terra.es	Estación nº 11 27331 - POBRA DE BROLLON Telf. e Fax: 982 430010 Móbil: 600 078779
FITOAGRARIA S.L. (Ourense - A Limia, Monterrei) fitoagraria@xanelas.com	R/ Dous de Maio nº 57 32630 - XINZO DE LIMIA Telf. e Fax: 988 462560
HORTA GALEGA (Lugo - Centro) hortagal@teleline.es	R/ Concepción Arenal nº 16 27004 - LUGO Telf. e Fax: 982 246019
PEREZCASTRO HNOS. S.L. (Pontevedra - Norte) comercial@perezcastrohnos.com	R/ Fermín Mosquera nº 12 36650 - CALDAS DE REIS Telf. 986 540426 - 986 530200 Fax: 986 530103
XARDINAGRO S.L. (Lugo-Norte. Asturias-Oeste) xardinagro@ctv.es	R/ Linares Rivas nº 4 27760 - VILANOVA DE LOURENZÁ Telf. e Fax: 982 121002 Almacén Telf. 982 121613

Enderezos de SYNGENTA AGRO:

No PORRIÑO: A Relva s/n 36400 - O PORRIÑO (Pontevedra) Telf.: 986 330300 - 986 331004 Fax: 986 335855

En MADRID: C/ Ribera del Loira nº 8-10, 3ª Planta; 28042 MADRID Telf.: 91 3876410 (Centralíña); Fax: 91 7210081

Os contidos desta publicación son propiedade de Syngenta Agro. Prohíbese a súa reprodución total ou parcial, por calquera medio, sen a autorización previa e por escrito de Syngenta Agro.

2007

Calendario do Ano

Xaneiro								Febreiro								Marzo							
L	M	M	X	V	S	D		L	M	M	X	V	S	D		L	M	M	X	V	S	D	
1	2	3	4	5	6	7					1	2	3	4					1	2	3	4	
8	9	10	11	12	13	14		5	6	7	8	9	10	11		5	6	7	8	9	10	11	
15	16	17	18	19	20	21		12	13	14	15	16	17	18		12	13	14	15	16	17	18	
22	23	24	25	26	27	28		19	20	21	22	23	24	25		19	20	21	22	23	24	25	
29	30	31						26	27	28						26	27	28	29	30	31		

Abril								Maio								San Xoán							
L	M	M	X	V	S	D		L	M	M	X	V	S	D		L	M	M	X	V	S	D	
						1		1	2	3	4	5	6								1	2	3
2	3	4	5	6	7	8		7	8	9	10	11	12	13		4	5	6	7	8	9	10	
9	10	11	12	13	14	15		14	15	16	17	18	19	20		11	12	13	14	15	16	17	
16	17	18	19	20	21	22		21	22	23	24	25	26	27		18	19	20	21	22	23	24	
²³ / ₃₀	24	25	26	27	28	29		28	29	30	31				25	26	27	28	29	30			

Santiago								Agosto								Setembro							
L	M	M	X	V	S	D		L	M	M	X	V	S	D		L	M	M	X	V	S	D	
						1		1	2	3	4	5								1	2		
2	3	4	5	6	7	8		6	7	8	9	10	11	12		3	4	5	6	7	8	9	
9	10	11	12	13	14	15		13	14	15	16	17	18	19		10	11	12	13	14	15	16	
16	17	18	19	20	21	22		20	21	22	23	24	25	26		17	18	19	20	21	22	23	
²³ / ₃₀	²⁴ / ₃₁	25	26	27	28	29		27	28	29	30	31			24	25	26	27	28	29	30		

Outubro								Novembro								Decembro							
L	M	M	X	V	S	D		L	M	M	X	V	S	D		L	M	M	X	V	S	D	
1	2	3	4	5	6	7					1	2	3	4								1	2
8	9	10	11	12	13	14		5	6	7	8	9	10	11		3	4	5	6	7	8	9	
15	16	17	18	19	20	21		12	13	14	15	16	17	18		10	11	12	13	14	15	16	
22	23	24	25	26	27	28		19	20	21	22	23	24	25		17	18	19	20	21	22	23	
29	30	31						26	27	28	29	30			²⁴ / ₃₁	25	26	27	28	29	30		

Subvencionado pola

■ Festa Nacional ■ Festa Autonómica



CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN E
ORDENACIÓN UNIVERSITARIA
Dirección Xeral de Política Lingüística

syngenta